

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 24/10/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/10/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17 de outubro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/3390

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga na Biblioteca de Bamio (lavado e reparación da tela da cuberta. Posterior pintado da cuberta con pintura clorocaucho fibrado, color igual ao existente), por un importe total de 8.33,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3600

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Imprenta AGQ SL para os traballos de encadernación de 12 libros de Resolucións da Alcaldía correspondentes ao exercicio de 2019, por un importe total de 522,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3610

Dáse conta do escrito presentado por Dona Inés Novas Barreiro solicitando a sinalización da parada de BUS escolar na Rúa Ameixeiras.

Dáse conta de informe da Policía Local no que indica que se podería pintar a parada de bus cun longo de 37 metros, co que posiblemente poderían situarse tres autobuses en liña, e do paso de peóns para atrás hai unha zona de parada prohibida, sinalizada en zig-zag en amarelo de uns 20 m. de lonxitude, onde poderían situarse 1 ou 2 autobuses co que se solucionaría o problema.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da parada de BUS e restantes temas de conformidade co informe emitido pola Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2022/3624

Dáse conta de escrito presentado por D. Antonio Pinto González, solicitando a colocación dun espello á altura do nº 55 da Rúa Arealonga para mellorar a incorporación de vehículos á circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación do espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios da citada propiedade nº 55 da Rúa Arealonga.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

Así mesmo deberá proceder a solicitar no Concello o correspondente licenza de vao permanente.

PRP2022/3655

Dáse conta da Sentenza nº 232/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, que desestima o recurso interposto por Dona Maria Dolores García Barros e D. José Luis Lorenzo García fronte á resolución de data 10 de xaneiro de 2022 que acorda a desestimación do recurso de reposición formulado contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2021 en relación coa recuperación do patinete que lle foi inmovilizado o pasado día 14 de agosto de 2021 por carecer da autorización administrativa para circular, e que se atopaba no depósito municipal e no que se acordaba que para proceder á retirada do vehículo deberá previamente aboar as taxas correspondentes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3656

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a continuidade de gasto publicitario para a difusión das iniciativas de desenvolvemento local por un importe total de 7.260,00 € (IVE incluído) durante o segundo semestre de 2022, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra SA (Radio Arosa), con cargo á partida 926.22613.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3657

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa MONCOSA OHS, SA para substitución de tubaxe de saneamento e pluviais en Avda. As Carolinas nº 66 ao 78 por vertidos fecais no Río do Parque da Coca, por un importe total de 19.874,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3658

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2022 de solicitude de subvención ao Ministerio de Política Territorial destinada á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais entre 20.000 e 50.000 habitantes, e adxudicación á Empresa ZABALA INNOVATION CONSULTING SA da redacción da memoria necesaria para solicitar a subvención, o seguimento ata a resolución de concesión/denegación do proxecto e as tarefas de xestión e xustificación do proxecto por un importe de 17.545 euros IVE incluído con cargo a dúas anualidades (10.890 euros incluído o IVE, con cargo ao ano 2022 e 6.655 euros incluído o IVE, con cargo ao ano 2023). Debido a natureza dos traballos este gasto

debe imputarse o 50% con cargo á aplicación presupuestaria de hardware do ano 2021 e o 50% restante con cargo á aplicación presupuestaria de software do ano 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda completar o mesmo, facendo constar que o gasto se realizará con cargo ás seguintes partidas orzamentarias:

- Hardware: 9201.62600.
- Software: 9201.64100.

PRP2022/3659

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2022 de aprobación orzamento para a renovación do contrato de aluguer de 12 emisoras de comunicacións (do 20-07-22 ao 20-07-23), consistente en 10 equipos dixitais DMR portátiles e unha emisora base, figurando no mesmo a favor da Empresa GALICOM COMUNICACIONES SL.

A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o citado acordo, quedando do seguinte xeito:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SRTEL CORUÑA SL para a renovación do contrato de aluguer de 12 emisoras de comunicacións (do 20-07-22 ao 20-07-23) consistente en 10 equipos dixitais DMR portátiles e unha emisora base, por un importe total de 9.628,94€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3660

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2022 de aprobación de orzamento para reposición de vitrinas e peañas para as salas de exposicións e outras actividades por deterioro das existentes por un importe total de 8.235,66€, figurando no mesmo:

- Maderas J. Redondo, S.L. por importe de 7.505,63€ con cargo á partida 92022-2781
- Pinturas Armenteros, S.L. por importe de 730,03€ con cargo á partida 92022-2782.

E debendo figurar:

- Maderas J. Redondo, S.L. por importe de 7.505,63€ con cargo á partida 338.22199.
- Pinturas Armenteros, S.L. por importe de 730,03€ con cargo á partida 338.22199.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

RECURSOS HUMANOS

PRP2022/3647

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de setembro de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

PRP2022/3648

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de setembro de

2022, por un importe total de 6.060,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	4	x 130,00 €	2	x 110,00 €	740,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	3	x 130,00 €	---	x 110,00 €	390,00 €
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00 €
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. XOSÉ LOIS LEIROS GUDE	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
TOTAL					6060,00 €

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2022/3613

Dáse conta de informe da Concellería de Promoción Económica, Área de Emprego, en relación co resultado da xustificación final da subvención concedida para a contratación de 7 traballadores desempregados para a realización do servizo denominado SALVAMENTO E SOCORRISMO 2022.

Dáse conta do certificado fin do servizo onde se reseña a cantidade subvencionada e ingresada pola Consellería de Emprego e Igualdade, a cantidade xustificada polo Concello e o remanente:

Subvención concedida pola Administración: 21.770,00 €

Subvención xustificada polo Concello: 23.470,58 €

Diferenza (remanente): 0 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/3632

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Aprobar un novo prazo de presentación de solicitudes das axudas para o Plan Madruga no curso 2021/22, para dar a posibilidade de que a presenten aquelas anpas que, por calquera cuestión, non o fixeran dentro do primeiro prazo, que será dende o 25 de outubro ao 2 de novembro

b) Incrementar a asignación a este programa ata os 7.000 €, con cargo á partida 323.48003.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2022/3643

A Concellería de Xuventude organiza o programa: SAMAÍN 2022, que consiste na realización dunha serie de actividades de dinamización e animación musical e obradoiros de manualidades, dirixidas ao público familiar, con nenos/as de entre 3 e 12 anos, co obxectivo de contribuir á

difusión e celebración dun evento cultural de orixe celta e de longa tradición na nosa comunidade como é o Samaín.

- Concerto trío musical e animación DJ modo karaoke e realización de diversas coreografías, desde as 17.30h ás 20.00 h

- Obradoiros de pintacaras relacionados coa temática do Samaín, en horario de 17.30 a 20.00 h

As actividades serán gratuítas e desenvolveranse na Praza da Peixería o vindeiro día 31 de outubro, e en horario de 17.30 a 20.00 h .

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto da citada actividade, cun importe total de 1.551,00 €, con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- 1320 € (ive engadido) a D. Daniel Barreiro Garrido, para a realización da dinamización e concerto e animación musical do evento.

- 231 € (ive engadido) á empresa: Órbita Infantil, para a realización dun pintacaras relacionado coa temática do Samaín.

Acórdase así mesmo a colaboración dos distintos Servizos Municipais.

- Servizo Municipal de OBRAS:

Instalación dun palco de 6X4, para a actuación musical do 31 de outubro na Peixería. Ademais, e colocación de valos de seguridade ao redor do perímetro do escenario.

Instalación de tres mesas e 6 cadeiras para a zona onde se desenvolverá o obradoiro de pintacaras

- Servizo Municipal de XARDÌNS

Colocación dun faldón ao redor do escenario para tapar a fronte e laterais do mesmo.

POLICÍA LOCAL

- Restrición de aparcamento na Avda. da Mariña á altura da Pza. da Peixería e nas dúas marxes da rúa desde ás 15.30 h e ata ás 21.30 h do 31 de outubro.

- Peche de tráfico rodado dunha parte da Avda. da Mariña e que coincide coa Praza da Peixería (principio e final da mesma desde as 15.30 h ata as 21.30 do 31 de outubro de 2022.

- Acceso a rúa cortada ao tráfico para os vehículos de obras do concello e os vehículos de protección civil e do persoal que vai traballar no desenvolvemento das actividades (matrículas vehículos que se comunicará á Policía local en datas previas á actividade)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/3614

O día 24 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a solicitude da subvención co código de procedemento MT975J na súa LIÑA 1 para a mellora da recollida separada de aceites de cociña usada e na súa LIÑA 3 para adquisición de puntos limpos móbiles. O día de 28 de xullo de 2022 a Xunta de Galicia publicou no DOG a resolución da concesión de axuda a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia con cargo á Unión Europea-NextGenerationEU código de procedemento MT975J.

No DOG aparece o Concello de Vilagarcía como beneficiario da LIÑA 1 cun total de gastos subvencionables de 8 800 euros (sen IVE), cunha porcentaxe de cofinanciamento por parte do Concello de 10% e un importe de subvención de 7.920 euros para a adquisición de materiais para a mellora da recollida selectiva de aceites de cociña e a realización dunha campaña de sensibilización.

A cantidade destinada á campaña de información e sensibilización é de 2 000 euros (sen IVE) dos que 400 euros son para folletos informativos (10 000 unidades) contratados conxuntamente coa compra do material que se pretende repartir, os funís para separación do aceite de cociña usado. O resto son 1 600 €, dos que 756 € son para postos informativos na rúa e 785,12 € para cuñas publicitarias de radio. (TOTAL: 1 541,12 €)

Para tramitar a adxudicación da atención dos stands de reparto e informativos, solicitouse orzamento a varias empresas das que se ofreceron: FORESIN CONULTORIA E INGENIERIA AMBIENTAL, BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD CEE y AMICOS CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL, presentando as seguintes ofertas:

- BATA Servicios Integrales a la comunidad CEE, un importe total de 914.76 €
- AMICOS Centro de atención integral, un importe total de 921,294 €
- FORESIN Consultoría e Ingeniería ambiental, por un importe total de 1.414,812 €

Tras o estudo das ofertas presentadas, resultou a máis económica por traballador e con unha boa adecuación ao servizo, a de BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD CEE, con un custo de 14 euros traballador/hora, programándose 6 sesións de 3 horas por 756 euros (sen IVE) e 914,76 euros (con IVE).

A publicidade da campaña mediante cuñas de radio, cun baixo custo de 785,12 € (sen IVE) e 949,99 € (IVE incluído) propónse que se faga con Radio Arousa Cadena Ser (Radio Pontevedra SA), por ser a única con programación local de Vilagarcía de Arousa e a de maior audiencia no municipio.

Xa que o cofinanciamento por parte do Concello é dun 10% e o IVE non é subvencionable, o concello achegará a cantidade de 154,11 € da parte cofinanciada máis 323,64 € de IVE, o que supón un total de 477,75 € o que debe achegar o concello.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda as seguintes adxudicacións, con cargo á partida 1720.62300:

1.- A atención do stand para reparto de funís, folletos e labores de sensibilización en separación de residuos, 6 días durante 3 horas/día, con tres traballadores por xornada, a BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD CEE con CIF -94040524 por un valor 14 euros a hora por traballador, somando 756 euros sen IVE e 914,76 € IVE incluído.

2.- A publicidade radiofónica a Radio Pontevedra SA con CIF A36005346 para 60 cuñas de 20", por un valor de 785,12 € sen IVE e 949,99 € IVE incluído por ser a única emisora con programación local e de maior audiencia no municipio.

	IVE	10%	TOTAL
ACHEGA MUNICIPAL	323,64	154,11	477,75
SUBVENCIONADO			1 387,01

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3618

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Autos Ibañez SA - AIBASA, para a reparación do vehículo matrícula 3008-DZC , por un importe total de 616,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3491

Dáse conta da realización e presentación pola empresa SOLTEC INGENIEROS SL do Plan de Emerxencia da Seca dando así cumprimento o requirimento recibido o día 11 de abril de 2022 da Xunta de Galicia para que se elabore un plan de emerxencia ante a situación da seca en base a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3673

O día 03 de Outubro 2022 deuse conta a Xunta de Goberno Local da resolución de Augas de Galicia de concesión de axudas ao concello pola Resolución do 23 de xuño de 2022 destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de

actuacións para minimizar as perdas de auga.

O día 14 de outubro de 2.022 fíxose dende o concello unha invitación de presentación de ofertas co obxecto da elaboración dunha auditoría municipal do sistema abastecemento para minimizar as perdas de auga.

Para dar cumprimento ao esixido pola lei a invitación foi enviada mediante email as seguintes empresas :

Zelig Strategy SL-----joaquin.alvarez@zeligst.com

Zubia Ingenieros -----info@zubiaingenieros.com

Soltec Ingenieros SL-----pan@soltecingenieros.com

Entrepuentes Ingeniería -----info@entre-puentes.com

Na invitación incluía o obxectivo da auditoría , o contido mínimo esixido conforme o recollido no DOGA de 8 de Xullo de 2022 ademais da data límite ata as 10h da mañá do 20 de outubro de 2022 a través da sede electrónica do Concello e un prazo de execución 28 días naturais.

O orzamento de licitación:

Sen IVE	IVE (21%)	TOTAL INCLUIDO	IVE
10.330,58 €	2.169,42 €	12.500€	

Ata o día 20 de outubro de 2.022 as 10 h recibíuse na sede as seguintes propostas:

CANDIDATOS	PRECIO UNITARIO	TOTAL(INCLUIDO)	IVE
Entrepuentes ingeniería SL	8.996€	10.885,16€	
Soltec Ingenieros SL	6.940€	8.397,40€	

A data límite para a xustificación da subención é antes do 1 de decembro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato menor para a realización de auditoría dos sistemas municipais de abastecemento de auga potable do Concello de Vilagarcía de Arousa á empresa SOLTEC INGENIEROS SL por unha cantidade de 8.397,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.22799, por considerar a súa oferta a mais vantaxosa para o Concello.

CULTURA

PRP2022/3652

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ten asinado coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) un convenio marco para a realización de prácticas externas académicas para as titulacións de grao e master universitario.

Este convenio é de libre adhesión polos concellos galegos pertencentes á FEGAMP.

O Departamento Municipal de Cultura mantivo conversas coa coordinación do MASTER EN XESTIÓN DO PATRIMONIO ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO, MUSEOS E MERCADO DA ARTE para establecer unha colaboración académica que permitise ao alumnado dese master realizar as súas prácticas nun contorno real a partir do curso 2022-2023.

A finalidade desta colaboración sería a de catalogar "profesionalmente" todo o patrimonio artístico municipal.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao conveni marco que a FEGAMP e a USC teñen asinado para a realización de prácticas académicas.

Segundo: Aprobar e remitir á FEGAMP o ANEXO I de adhesión do citado convenio.

Terceiro: Facultar ao Departamento de Cultura para a tramitación do convenio para a realización das prácticas do alumnado do MASTER EN XESTIÓN DO PATRIMONIO ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO, MUSEOS E MERCADO DA ARTE para o curso 2022-2023, dando conta dos mesmos á Xunta de Goberno Local.

PRP2022/3646

Vista a solicitude de D. Lluís ovira Yagüez, en representación de Traseduca Accio Educativa SL, e

a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 9 de novembro de 2022, en horario de 8:00 a 14:00 horas, para a representación da obra de teatro "Lla Vida es Sueño", para alumnado dos centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria de Vilagarcía de Arousa, cun prezo de entrada unico de 6,20 €, sendo a recadación para o solicitante.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo á sala solicitada.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así como recibo de aboamento da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70€
Responsable de Sala	6 Horas (estimativas)	10,20 €	61,20 €
Operario	6 horas (estimativas)	10,20 €	61,20 €
TOTAL			387,10 €

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/3645

Vista a solicitude de Dona Maria mercedes Lourdes Durán pereira, como Presidenta do Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Samaín - Halloween en Carril, os días 28, 29 e 31 de outubro:

- Actuación do grupo da Asociación Cultural Malveiras por un importe de 391,00 € o día 28 de outubro de 2022.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/3644

Vista a solicitude de Dona Begoña Fontán Caeiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 17 de decembro de 2022, durante todo o día, con motivo da realización do Festival de Nadal, tendo un prezo de entrada único de 5,00€, sendo a recadación para o solicitante.

Acórdase concederlle así mesmo a impresión de entradas e cartelería.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo á sala solicitada.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así como recibo de aboamento da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70€
Responsable de Sala	3 Horas (estimativas)	10,20 €	30,60 €
Operario	3 horas (estimativas)	10,20 €	30,60 €
TOTAL			325,90 €

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.
Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2022/3602

Con data 18 de maio de 2022 aprobouse o expediente de contratación e os pregos que rexen a licitación denominada “Construción do novo Skatepark en Vilagarcía”.

O 19 de maio de 2022 publicáronse, na Plataforma de Contratación do Sector Público, o anuncio de licitación e os pregos, abríndose o prazo de presentación de ofertas.

Unha vez rematado o citado prazo de presentación, compróbase que presentaron oferta dous licitadores: Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. e Galsur, S.L.

Posteriormente, con data 1 de xullo de 2022, ambos licitadores procederon a retirar a oferta presentada. Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa motiva a retirada e desestímulo da oferta, de xeito literal, por “error de transcripción del importe de la oferta”, no caso de Galsur, S.L. alega o “constante incremento del precio de materiales de construcción necesarios para la ejecución de la obra”.

Polo exposto, procede a aplicación a sensu contrario do artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que establece que “el órgano de contratación no podrá declarar desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego”.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Declarar deserta a licitación denominada “Construción do novo Skatepark en Vilagarcía”, tras ser retiradas todas as ofertas presentadas e non quedar ningún licitador.
- 2.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde ten aloxado o perfil do contratante o Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2022/3603

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 27, do sábado 27 de novembro de 2021, publicáronse as bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada en data 24 de xaneiro de 2022 aprobouse o proxecto técnico, redactado polo arquitecto Javier Segura Roldán, denominado “Construción dun novo Skatepark en Vilagarcía”, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 309.426,03€; así como a proposta de solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 o cofinanciamento do proxecto “Construción dun novo Skatepark en Vilagarcía”, por importe de 109.426,03€.

Unha vez efectuada a licitación os dous únicos licitadores presentados retiraron as súas ofertas, polo que, esta concelleira, de acordo co establecido no artigo 150.3, propuxo á Xunta de Goberno Local a declaración de deserto do citado procedemento, ao non quedar ningún licitador. Visto que o motivo fundamental para a retirada das ofertas vén determinado polo aumento do prezo dos materiais, nomeadamente o formigón, encargouse ao arquitecto don Javier Segura Roldán a redacción dun novo proxecto no que se procedese a actualizar o orzamento. O citado técnico presenta un documento no que se aumenta o orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 309.426,03€ a 374.766,65€, o que supón un aumento de 65.340,62€.

O proxecto conta con informe favorable de supervisión, emitido polo arquitecto municipal.

En atención ó indicado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico, redactado polo arquitecto don Javier Segura Roldán, denominado “Proxecto Básico e Executivo para construción do novo Skatepark de Vilagarcía”, que actualiza o prezo contemplado no anterior proxecto, pasando o orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 309.426,03€ a 374,766.65€.

2.- Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra do presente acordo, ao atoparse financiado con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023.

PRP2022/3612

Dáse conta do expediente de contratación correspondente á licitación do “Servizo de Vixilancia e Seguridade no Servizo de Prevención e Asistencia a Drogodependientes - SPAD” (CT 26/2022) mediante procedemento aberto simplificado, cun tipo de licitación de 89.540,00 € (IVE incluído), e da presentación dos seguintes licitadores:

NIF: A86340098 CLECE SEGURIDAD SAU

NIF: A28369395 EULEN SEGURIDAD, S.A.

NIF: A04038014 GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A.

NIF: B36562429 SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.

Faise constar que o licitador SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U. presenta xunto á súa oferta técnica un anexo VII denominado “elementos considerados susceptibles de mellora”, que segundo o establecido na cláusula 12.3.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación debe presentarse no sobre 3 “Oferta económica e documentación para valoración de criterios cuantificables de forma automática”. No citado anexo o licitador oferta unha mellora consistente na “Instalación de cámara de televixilancia e mantemento do sistema de televixilancia”.

A clausula 12.2 do amentado PCAP, reguladora da documentación que debe presentarse no sobre 2. “Documentación para valoración de criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor” establece que: “En ningún caso introduciranse en leste sobre/arquivo electrónico documentos ou información propias do sobre ou arquivo electrónico 3. (a súa inclusión dará lugar á exclusión automática do licitador)”.

Este defecto na presentación da oferta, por parte do licitador, é susceptible de afectar os principios de igualdade entre licitadores, secreto das proposicións e obxectividade do órgano de contratación que deben rexer un procedemento de adxudicación e, por tanto a Mesa de Contratación acorda a exclusión do licitador SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U., por infracción do establecido na cláusula 12 en relación cos artigos 1.1 e 139.1 e 2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpone ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Unha vez aplicados os criterios de valoración que figuran no PCAP, o resultado é o seguinte:

Licitador	Oferta IVE excluído	Puntos oferta económica	Puntuación: Mellora A-2.1: Instalación de cámara de vixilancia e mantemento do sistema de televixilancia	total
CLECE SEGURIDAD SAU	70.647,76 €	14,79	20	34,79
EULEN SEGURIDAD SA	66.972,91	31	20	51,00
GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD SA	68.600,00 €	23,82	20	43,82

De acordo á avaliación das propostas aportadas polos, a mesa de contratación conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: A04038014 GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 36

Total criterios CAF: 43.82

Total puntuación: 79.82

Orde: 2NIF: A86340098 CLECE SEGURIDAD SAU

Total criterios CJV: 41

Total criterios CAF: 34.79

Total puntuación: 75.79

Orde: 3NIF: A28369395 EULEN SEGURIDAD, S.A.

Total criterios CJV: 24

Total criterios CAF: 51

Total puntuación: 75

Orde: 4NIF: B36562429 SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U. (Excluído)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato de servizos denominado "Vixilancia e seguridade no servizo de prevención e asistencia a drogodependentes (SPAD)", cun orzamento de licitación de 74.000,00 € (sen IVE) e de 89.540,00,00 € (IVE incluído), á empresa con NIF: A04038014 GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDADE S.A, por un prezo de 68.600,00 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (21%) de 14.406,00 €, o que totaliza un importe de 83.006,00 € (IVE incluído) , con cargo á partida 2311.22701, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

A oferta presentada pola empresa GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A. é a seguinte:

Licitador	Importe sen IVE	21% IVE	Importe con IVE	Mellora
GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A	68.600,00 €	14.406,00 €	83.006,00 €	Instalación de cámara de televixilancia e mantemento do sistema de vixilancia por videovixilancia

PRP2022/3650

Con data 13 de outubro de 2022, propónse por parte do Director Deportivo da Fundación de Deportes, D. Juan Miguel Doval Blanco, a necesidade de adecuar a situación actual da zona de lanzamentos do Estadio de Atletismo de C.D.M. de Fontecarmoa.

Motívase que, tal e como solicitaron os usuarios das instalacións á Fundación de Deportes, sería necesaria a reubicación da zona de lanzamento para o outro lado do campo, enfronte de súa localización actual, por unha cuestión de seguridade, xa que cando os lanzadores destros, que son a maioría, efectúan lanzamentos que non son correctos, estes non van ao campo, senón que saen á súa esquerda, onde están as rúas da pista e o exterior da instalación. Ademais, o clube de atletismo usuario das instalacións tamén solicita a substitución da composición actual, de dous círculos de lanzamento, por un só, opción permitida pola nova regulamentación da Federación Española de Atletismo.

Vista a necesidade exposta, considérase imprescindible levar a cabo a obra de reforma da zona de lanzamento por unha cuestión de seguridade e protección dos usuarios e veciños da contorna.

Foron solicitadas ofertas a tres provedores, os cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta excluído (IVE)	Oferta (IVE engadido)
Calfensa	13.800,00€	16.698,00€
Daniel Vidal Vicente	14.950,00€	18.089,50€
Medulio Madera & Sport	12.932,00€	15.647,72€

O prazo de execución será de 1 mes.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de obras de "REFORMA DA ZONA DE LANZAMENTOS SEGÚN NORMATIVA WORLD ATHLETIC NA PISTA DE ATLETISMO DE FONTECARMOA" á mercantil Medulio Madera & Sport (Medulo Servicios y Obras SL B70195870), por importe de 12.932,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.715,72€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE) engadido de 15.647,72€, con cargo á partida 342.63200.

PRP2022/3651

Con data 13 de outubro de 2022, propónse por parte do Director Deportivo da Fundación de

Deportes, D. Juan Miguel Doval Blanco, a necesidade de substituír a xaula actual da zona de lanzamento do Estadio de Atletismo de C.D.M. de Fontecarmoa, debido á rotura da mesma provocada polo uso, a cal non pode ser reparada polo seu mal estado, por unha nova xaula de lanzamentos de martelo e disco en aceiro.

Vista a necesidade exposta, e ante a imposibilidade de arranxar a xaula de lanzamento existente, considérase imprescindible o subministro dunha nova xaula para que se podan seguir desenvolvendo os adestramentos e competicións deportivas nas instalacións deportivas municipais anteriormente mencionadas.

Foron solicitadas ofertas a tres provedores, os cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta excluído	(IVE)	Oferta (IVE engadido)
Calfensa Proyectos SL	16.274,22€		19.691,81€
Equipamientos y Pavimentos Deportivos Innova Sport SL	17.500,00€		21.175,00€
Mondo Iberica SAU	14.988,93€		18.136,61€

O prazo de execución será de 1 mes.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de subministro "SUBMINISTRO E INSTALACION DE XAULA DE LANZAMENTO DE MARTELO E PESO NO ESTADIO DE ATLETISMO DE FONTECARMOA" á mercantil Mondo Iberica SAU (A50308139), por importe de 14.988,93€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.147,68€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE) engadido de 18.136,61€, con cargo á partida 342.633.

PRP2022/3590

A Xunta de Goberno Local aprobou na sesión do 12 de setembro de 2022 o orzamento presentado por VisualGraphics Imaxe e Publicidade S.L. para a realización da sinalética necesaria para o correcto funcionamento dos traxectos para seguir polos máis de 900 alumnos e alumnas que acoden a diario aos colexios da Lomba. Dado que a finalidade dos Camiños Escolares Seguros encaixa na EDUSI Vilagarcía Avanza -en concreto na liña de actuación denominada VGL_A04_MOVPECI, cuxo obxectivo é o progreso da mobilidade peonil e ciclista mediante a mellora da infraestrutura ciclista, acondicionamento de itinerarios peonís e recuperación do sistema de préstamo de bicicletas-, o financiamento do gasto fíxose a través desta liña.

No contrato, adxudicado por importe de 1.125,24 € (IVE incluído), inclúanse os materiais necesarios para levar a cabo a sinalización horizontal e vertical, entre eles unha única plantilla de 65x60 centímetros para o pintado no chan das iconas que indicarán os puntos de encontro dos roteiros. Con todo, á hora de iniciar a realización dos traballos detectouse a necesidade de contar cunha segunda plantilla de tamaño menor para marcar, cada poucos metros e co mesmo icona, todos os percorridos a realizar polos escolares, de forma que non se poidan despistar e saír do roteiro establecido, que é a segura.

A Xunta de Goberno Local acorda a ampliación da adxudicación antes mencionada en favor de VisualGraphics Imaxe e Publicidade SL (CIF B36892016) para incluír a subministración dunha segunda plantilla de 31x18 centímetros polo importe de 40,75 euros (49,31 euros, IVE incluído), conforme o orzamento presentado. Proxecto: 2018-2-DUSI-4 (3). Aplicación Orzamentaria: 134-6290017.

PRP2022/3663

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 8 de marzo de 2021, aprobou o proxecto denominado "Renovación dos servizos e humanización da rúa Sobrán", redactado polo enxeñeiro técnico industrial don Óscar Álvarez González, cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 600.715,23€.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de setembro de 2021, adxudicouse o contrato denominado "Renovación dos servizos e humanización da rúa Sobrán" á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., por importe de 389.174,11 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 81.726,56 €, o que totaliza un importe de 470.900,67 € (IVE engadido).

O seguinte contrato administrativo foi formalizado o 20 de outubro de 2021 e asinada a acta de comprobación de reformulo con data 19 de novembro de 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2022 autorizouse ao director de obra á redacción dun proxecto modificado por importe de 565.075,65€, a prezos de adxudicación, é dicir, unha vez aplicada a baixa obtida na adxudicación do contrato. Preséntase proxecto modificado por importe de 720.851,70€ (IVE engadido) o que supón un incremento do 19,99%. Unha vez aplicados a baixa obtida na adxudicación do contrato resulta os seguinte importes, coincidentes coa autorización outorgada pola Xunta de Goberno Local:

Concepto	Importe engadido) (IVE
Importe licitación	600.715,23€
Importe de adxudicación (Baixa 21,61%)	470.900,678€
Importe do modificado (incremento 19,99%)	720.851,70€
Importe modificado aplicada a Baixa obtida na licitación do 21,61%	565.075,65€

A dirección facultativa fai constar que as modificacións propostas veñen determinadas por causas estritamente indispensables e sobrevidas, que afectan ao movemento de terras, rede de abastecemento, canalizacións antigas existentes, rede de telefonía e reforzo de canalizacións.

O artigo 206 do citado texto legal fixa que nos supostos de modificación do contrato recollidos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración que na súa contía non excede do 20% do prezo inicial do contrato (IVE excluído). No suposto de non ser obrigatoria a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato en caso contrario.

No presente caso, a modificación supón un incremento do 19,99%, polo que non é preciso contar, con carácter previo á súa aprobación, coa conformidade do contratista, Montaxes J.M. Iglesias, S.L., aínda que sí darlle audiencia.

O Sr. Arquitecto municipal emitiu informe técnico favorable ao citado modificado, con data 19 de outubro de 2022.

Vistos os informes Técnico e Xurídico emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto modificado, cun prezo de contrata (aplicando o coeficiente de baixa de adxudicación) de 467.004,67€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 98.070,98€, o que supón un importe de 565.075,65€ (IVE incluído), é dicir, un incremento de 94.174,98€, sobre o importe de adxudicación (IVE incluído), con cargo á partida 459.61900.
- De acordo co establecido no artigo 109.3 da LCSP procede o reaxuste da garantía depositada polo adxudicatario do contrato, na contía correspondente ao 5% do aumento producido como consecuencia do modificado, (IVE excluído).
- Dado que o investimento se atopa financiado con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021), deberá dársele traslado deste proxecto modificado e da súa aprobación ao citado organismo provincial.

PRP2022/3664

1.- Por resolución da Alcaldía de data 30 de marzo de 2021 aprobouse o proxecto técnico denominado "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARCEBISPO LAGO", redactado polo arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias, cun orzamento de licitación de 636.435,80€ (IVE incluído) e a solicitude de cofinanciamento, por importe de 421.435,80 €, á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.

2.- En sesión do 5 de abril de 2021, a Xunta de Goberno Local acordou solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo con as bases reguladoras dá convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede ÁGORA, o cofinanciamento a través do eixo 2 (execución de obras para a mobilidade amable e recuperación de espazos públicos), subvención por importe de 100.000,00€, para a execución das obras contempladas no citado proxecto.

O investimento tamén se atopa cofinanciado con cargo á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) "Vilagarcía Avanza", dentro da liña de actuación denominada

“(VLG_A23_MARMONTA) CREACIÓN DUN PARQUE METROPOLITANO DE UNIÓN MARMONTAÑA (URBANO-RURAL)” e COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 24 de maio de 2022, acordou a adxudicación do contrato de obra denominado “Humanización da Rúa Arcebispo Lago” cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, así como pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2021 e á liña de subvención convocada pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación dos espazos públicos do concello da Rede ÁGORA á empresa PRACE, SERVIZOS E OBRAS, S.A., por un importe (IVE excluído) de 525.980,00€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 110.455,80€, totalizando un importe de adxudicación (IVE engadido) de 636.435,80 €.

4.- A firma da acta de comprobación de replanteo tivo lugar o 28 de xuño de 2022.

5.- Polo director de obra, o arquitecto Don Mariano Vázquez Iglesias, solicítase, con data 16 de outubro de 2022, redacción de proxecto modificado.

6.- O arquitecto municipal, con data 19 de outubro de 2022, emite informe favorable para autorizar a redacción do proxecto modificado.

Dáse conta do informe emitido pola Secretaria Xeral no que se indica:

I.- O artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) establece que: “Cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula esta Lei, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará coas seguintes actuacións:

a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.

b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.

c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.”

II. O arquitecto Mariano Vázquez Iglesias, redactor do proxecto e director de obra, xustifica a necesidade de redacción do proxecto modificado motivándoo nas necesidades seguintes:

“Que durante a execución das obras incluídas no proxecto atopámonos que a rede de Saneamento existente non reúne as condicións para un correcto funcionamento, as obras previstas non incluían a renovación ou substitución da citada rede, de non executarse estas obras agora serían moito máis complicadas e custosas nun futuro.

Dado que os traballos para realizar sitúanse no ámbito da obra e de que os traballos son análogos e incluíbles neste proxecto”.

O proxecto modificado ascendería a 671.405,36€, a prezo de adxudicación (é dicir xa aplicado o coeficiente de baixa obtido na adxudicación do contrato), o que supón un incremento do 19,99%,e polo tanto ascende IVA endadido á catidade de 111.851,00€.

As obras son debidas a que durante a execución constatouse que a rede de saneamento non reúne as condicións para un correcto funcionamento, e procederase á renovación da devandita rede de saneamento

Visto o que antecede, e o informe favorable do arquitecto municipal, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a redacción de proxecto modificado da “Humanización da Rúa Arcebispo Lago”, polo director de obra, dando audiencia ao contratista polo prazo mínimo de tres días.

Unha vez realizados estes trámites, será sometido á consideración da Xunta de Goberno Local, acompañado do informe xurídico ao que fai referencia a disposición adicional terceira, punto 8 da LCSP.

Dado que o investimento se atopa cofinanciado pola Deputación Provincial con cargo ao Plan de Obras e Servizos e pola liña subvención para a recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede ÁGORA, ademais de polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, deberá darse traslado do

proxecto modificado e da súa aprobación, no seu caso, aos organismos cofinanciadores do investimento.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/3582

De conformidade co contrato de obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARZOBISPO LAGO" da EDUSI Vilagarcía Avanza, tras a realización do traballo e l comprobación do mesmo polo Director de Obra, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e recoñecemento de obriga da seguinte factura e correspondente certificación de obra:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	22 271 R.E. 2022/6615	84.227,48 €	1530-6190017 AD22-8543	Certificación 1 "Humanización da rúa Arzobispo Lago"

PRP2022/3583

De conformidade co contrato de obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARZOBISPO LAGO" da EDUSI Vilagarcía Avanza, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo Director de Obra, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e recoñecemento de obriga da seguinte factura e correspondente certificación de obra:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	22 272 R.E. 2022/6616	124.860,18€	1530-6190017 AD22-8543	Certificación 2 "Humanización da rúa Arzobispo Lago"

PRP2022/3669

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° UN (2022/7131), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 1", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/7130), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 90.018,12€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° UN (2022/7131), derivada da execución do contrato de obras denominado "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 1", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/7130), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado SUBV (2) 01/12/2021 por importe de 90.018,12€, co seguinte desglose:

REX.	N° de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
7131	UN	29/09/2022	90.018,12 €	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	CERT. UN. OBRA MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS. LOTE 1	134	61900

PRP2022/3623

De conformidade coa Operación "Desenrolo de planes de intervención para a inclusión" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado "Xestión e dinamización do Banco de Tempo", tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e recoñecemento de obriga da seguinte factura:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
O SOÑO DE LILITH	2022 10	756,25€	231-2279917	Xestión e dinamización do Banco de Tempo. Setembro 2022

FINANCIACIÓN FONDOS FEDER:

Línea de actuación Operación VLG_LA_17_ INCL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-3 e a aplicación presupuestaria 231-2279917.

PRP2022/3649

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/5183, por importe de 8.651,50€ emitido pola empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L., adxudicataria do contrato para a asistencia técnica, consultaría, asesoramento e apoio na xestión do proxecto “Vilagarcía Viva, Proxecto de mellora, revitalización e resiliencia de mercados tradicionais e zonas urbanas comerciais”.

Vista a fiscalización favorable de Intervención municipal incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Corrixir o erro material producido na sesión celebrada o 18/04/2022 co detalle que de seguido se relaciona:

No PRP2022/1133

Onde di:

... acorda adxudicar o contrato á empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L., por un importe de 18.089,50€ IVE engadido polo prazo de un ano, establecéndose como data previsible de inicio o 15 de abril de 2022, con cargo á partida 4311-470.

Debe dicir:

... acorda adxudicar o contrato á empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L., por un importe de 18.089,50€ IVE engadido polo prazo de un ano, establecéndose como data previsible de inicio o 15 de abril de 2022, con cargo á partida 4311-22799.

2. Recoñecemento de obriga para o rexistro N° 2022/5183, derivada da execución da primeira parte do contrato para a asistencia técnica, consultaría, asesoramento e apoio na xestión do proxecto “Vilagarcía Viva, Proxecto de mellora, revitalización e resiliencia de mercados tradicionais e zonas urbanas comerciais”, por importe de 8.651,50€, co seguinte desglose:

REG.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe	Progr.	Econ.	Nombre	Texto Explicativo
2022/5183	2200000 221	04/08/2022	8.651,50	4311	22799	CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L.	ASISTENCIA TECNICA CONSULTORÍA, ASESORAMIENTO Y APOYO EN LA GESTION DEL PROYECTO Vilagarcía viva.

PRP2022/3584

De conformidade co contrato de obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARZOBISPO LAGO” da EDUSI Vilagarcía Avanza, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo Director de Obra, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e recoñecemento de obriga da seguinte factura e correspondente certificación de obra:

PROVEEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.	22 299 R.E. 2022/6686	132.458,82€	1530-6190017 AD22-8543	Certificación 3 “Humanización da Rúa Arzobispo Lago”

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:45 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.